



CIRCULAR 22/2015 CAMPIONATO GALEGO DE 3D ANEXO

A Coruña, 25 de xuño de 2015

Despois de recibir varias consultas por parte dos clubs sobre a participación dos menores de 14 anos no Campionato Galego de 3D, e escoitados ao club organizador e ao presidente da Comisión de Bosque, procédese á seguinte aclaración:

1. Despois de estudar a normativa vixente, a proclamación de campión/a galego/a pasa porque exista categoría, tanto no que respecta á modalidade, como á clase –estando esta dividida en “home” e “muller”-. Tanto na normativa da FGTA como na da RFETA, lamentablemente, as categorías de menores de 14 anos non están recoñecidas na modalidade de Percorrido de Bosque.
2. Non é posible, polo tanto, convocar unha categoría distinta ás establecidas regulamentariamente.
3. Os menores de 14 anos poderán inscribirse no dito Campionato, pero no caso de que a inscrición se refira ás “modalidades” “con visor” e “sen visor”, non poderán ser proclamados campións/as galegos/as, quedando á vontade do club organizador a entrega dun agasallo, que en ningún caso dará o recoñecemento de campión/a galego/a.

Por indicación do club organizador, este elaborará unha clasificación de menores de 14 anos con visor e sen visor.

4. O custo da inscrición será o seguinte:

5,00 € de taxas FGTA

5,00 € de inscrición para o club



Mayte Doce Platas
Secretaria Xeral